

Reunión do Departamento de Física e Química de 19 de Novembro de 2024

Sendo as 9:45 do martes 19 de novembro, reúnese o profesorado do Departamento de Física e Química do IES Lamas de Abade de Santiago para tratar os seguintes temas:

- Desenvolvemento das programacións
- Organización do laboratorio

Respecto do primeiro punto, faise unha posta en común do desenvolvemento das programacións, especialmente en aqueles cursos compartidos, 2 ESO e 3 ESO, comprobando que en todos os grupos o desenvolvemento dos bloques de contidos está a ser moi similar.

En canto ao segundo punto, o xefe do Departamento informa dos cambios na distribución dos produtos químicos nos armarios, onde se separaron ácidos e bases, e ácidos de compostos orgánicos. Acórdase rematar a organización dos armarios do fondo da aula e o xefe do Departamento fará fotos dos materiais no interior dos armarios, para poder ver desde fora o contido dos mesmos. Por outra banda, como xa chegou o novo material didáctico, infórmase ao profesorado do Departamento da súa distribución nos armarios.

Sen máis asuntos que tratar, dase por remata a reunión sendo as 10:35 do 19 de novembro.

Asistentes:

María Roel

Inés Otero

Marcos Vázquez